

UN CADRO DE FRANCESCO VANNI NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Xoán Ramiro Cuba Rodríguez

No Catálogo de Pintura do Museo Provincial de Lugo (1), entre outras obras de procedencia italiana que forma parte dos depósitos do Museo del Prado, figura co número 406 —como anónimo— o cadro “La Virgen y el Niño entre Santas” (2), transcribimos a ficha correspondente:

”406 LA VIRGEN Y EL NIÑO ENTRE SANTAS

L. 1,33 x 0,90

La Virgen, sentada en un trono bajo de dosel con cortinaje, tiene en sus brazos al Niño que corona a Santa Cecilia, arrodillada delante, a su derecha. La Santa cruza las manos sobre el pecho, teniendo en la derecha los tubos de un órgano. También delante del trono, a su izquierda, se arrodilla Santa Inés, que muestra en las manos el cordero y la palma del martirio.
Escuela de Barocci. Siglo XVII.”

Pasou desapercibido para a autora do Catálogo, un interesante traballo de Alfonso E. PEREZ SANCHEZ, publicado no ano 1962 (3), que costitue un importante aporte á revisión dos Catálogos do Museo del Prado e mais concretamente no que se refire á pintura italiana do “seiscentos” no camiño de aclarar algún dos enigmas, que debido á falla de documentación e á escasa bibliografía, fan que os fondos de pintura italiana e sobretodo os barrocos sexan a miúdo confundidos e descoñecidos.

O traballo de PEREZ SANCHEZ, baseábase nun “Inventario de cuadros reunidos por Carlos IV siendo príncipe en su casa de campo del Escorial” que fora publicado no ano 1934 por un estudioso da pintura española e italiana do Escorial, o Padre Zarco Cuevas. (4).

(1) CARBALLO-CALERO RAMOS, María Victoria. *Catálogo de pintura de Museo Provincial de Lugo*. Junta del Museo Provincial de Lugo. Lugo. 1969.

(2) Este cadro, propiedade do Museo del Prado, foi remitido ó Museo Provincial de Lugo, en calidade de depósito por Orde do Ministerio de Educación Nacional de 31 de xullo de 1940, e inscrito no Rexistro Xeral do Museo de Lugo co número 1.056 e data 9 de outubro de 1940.

(3) PEREZ SANCHEZ, Alfonso E. *Algunos pintores italianos del XVII en el Museo del Prado*. “Archivo Español del Arte” 1962 pp. 51 y ss.

(4) ZARCO CUEVAS, P. Julián. *Inventario de los cuadros reunidos por Carlos IV en su Casita de El Escorial*. “Religión y Cultura”. 1933 p. 37.

A luz deste Inventario o Padre ZARCO CUEVAS conseguira xa identificar no Museo del Prado 46 cadros dos 321 que figuraban nel. Zarco non manexou á hora de realizar ditas identificacións os Catálogos do Prado de Madrazo —o derradeiro deles do ano 1920—, que incluían os fondos logo dispersos, eiva que lle impediu facer outras atribucións claras dabondo.

O exhaustivo estudio comparativo por parte de PEREZ SANCHEZ do Inventario da Casa do Príncipe cos distintos catálogos do Museo del Prado e cos propios fondos do mesmo permitíronlle conseguir algunhas identificacións mais, das que da conta no seu traballo, entre elas figura o cadro que nos ocupa. Veleiquí a correspondente ficha según PEREZ SANCHEZ:

“En el Inventario se describe así: “Uno de siete cuartas escasas de alto y más de vara de ancho que contiene Nuestra Señora en pie con el Niño en los brazos coronando a Santa Cecilia con una guirnalda de flores y al lado izquierdo, Santa Inés, ambas arrodilladas, original de Vanni de Siena, número 202”.

El cuadro está hoy en depósito en el Museo de Lugo y corresponde perfectamente con el estilo de Francesco Vanni, formado efectivamente con el arte de Baroccio, pero amigo de formas más esbeltas y de construcciones aún manieristas a veces, y otras, como aquí, de una cerrada simetría aprendida en los florentinos” (5).

Así, pois, a esta pintura, considerada anónima no Catálogo de Pintura do Museo Provincial de Lugo —aínda que acertadamente atribuída á escola de Baroccio, tal e como se viña facendo nos Catálogos do Prado— pódese atribuír sin dúbida a paternidade de Francesco Vanni de Siena.


Como obra de tal artista sienés xa figurou nunha exposición de Pintura italiana do século XVII, organizada polo Museo do Prado, co gallo do seu cento cincuenta aniversario. No catálogo da devandita exposición infórmasenos de que “este cadro é repetición seguramente autógrafa dunha composición de altar pintada por Vanni para a igrexa de Santa Inés “al Vignano”, perto de Siena. Foi obra na que o pintor puxo interese evidente, pois consérvase un boceto na Colección Carli de Siena e un dibuxo para a Santa Cecilia na Biblioteca Comunal da mesma cidade, publicadas ambas por Peter Amselm Riedl (“Phantheon 1963 p. 14).

Os catálogos do Prado (atá 1920) considerábano obra de escola de Baroccio, pero xa o Inventario da colección de Carlos IV daba a atribución concreta a Vanni, discípulo dende logo de Baroccio e cheo dos seus recordos nesta obra.

Esta obra de FRANCESCO VANNI, que evidentemente non pasa desapercibida entre os fondos de pintura do Museo de Lugo, dada a súa magnífica factura, constitúe, xunto con dous óleos do napolitano Luca GIORDANO e outros nove cadros anónimos (algúns deles atribuídos ás escolas de importantes figuras coma Andrea del Sarto, Guido Reni, Giuseppe Recco e Massimo Stanzione (6), unha apreciable mostra de pintura italiana sobor de todo do “seiscientos”. O estudio polo miúdo dalgún destes

(5) MUSEO DEL PRADO. *Pintura italiana del siglo XVII*. Catálogo de la exposición conmemorativa del 150 aniversario de la fundación del M. del P. Madrid 1970.

(6) No catálogo de pintura do Museo de Lugo séguense as atribucións dadas polo Prado nos seus catálogos, anteriores ó depósito —1940—. Bótanse en falla estudos rigurosos que revisen e actualicen estas atribucións.



cadros á luz dos datos de que hoxe se dispón, e tendo en conta que a bibliografía ó respecto vai aumentando paulatinamente, aínda pode deparar no futuro agradables sorpresas.

UNHA RESEÑA SOBRE A VIDA E A OBRA DE FRANCESCO VANNI

Francesco VANNI, pintor, arquitecto e grabador italiano, naceu en Siena no 1563 ou 1565. Na cidade natal estudou con Arcangelo Salimbeni e máis tarde en Bolonia no estudio de Passarotti, pasando a Roma onde ampliou estudos con de Vecchi.

Regresa a Siena onde pinta o fresco da bóveda de oratorio de San Bernardino e unha Anunciación na igrexa dos servitas. Viaxou posteriormente pola Lombardía, sendo influído polo Corregio e o Parmesano, e asistiu en Bolonia ás academias de Fucini e Mirandola.

Establecido en Siena, adopta xa case definitivamente para o sucesivo o estilo de Baroccio. En Siena deixou a maior parte da súa obra, gran número de cadros e frescos: "Os sieneses na cruzada" e "O Concilio de Siena" (1593) no Palacio Público, "O energúmeno" en Santo Domingo, "Os tres santos" e "O martirio de Santa Lucía", na igrexa de Santa Lucía, "O bautismo de Constantino" en San Agustín, "Virxe entre Santa Inés e Santa Cecilia" —de idéntico tema ó cadro de Lugo— en Santa Inés de Vignano.

Baixo o mecenazgo do cardenal César Baronio e gracias á influencia de Guido Reni, confíase a Vanni en 1603 a pintura dun dos grandes cadros do Altar de San Pedro en Roma: "A caída de Simón o Mago", a súa obra clásica, que lle valeu o título de Cabaleiro da Orde do Cristo.

Deixou en Roma outras pinturas: "Martirio de Santa Cecilia", no Pazo do Quirinal, "A Virxe e Santa Cecilia" en Santa María Nuova, e "As tres gracias" no Pazo Borghese. Vanni morre en Siena no ano 1610.

A influencia de Vanni na escola de Siena foi poderosa e proveitosa, sendo bós discípulos seus os seus propios fillos Miguel Anxo e Rafael, Rutilio Manetti, Astolfo Petrazzi e dous artistas que por terlle axudado sempre nos seus traballos foron chamados Xoán Antonio e Xoán Francisco Vanni (7).

En canto á obra de Vanni existente en España compre sinalar que o Museo do Prado conta tamén entre os seus fondos co lenzo "Encontro das Marias e San Xoán" (L. 0,58 x 0,25), que figura co número 474 do actual catálogo da pinacoteca madrileña.

Por outra parte o Museo Cerralbo de Madrid ten entre a súa colección de "disegni italiani", un dibuxo firmado no anverso por Francesco Vanni, que recolle o boceto dunha "Annunciazione", iñoramos se se trata da que VANNI pintou para a igrexa dos servitas en Siena, na súa primeira época (8).

(7) Os datos biográficos están tomados do "DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO HISPANO-AMERICANO. Montaner y Simón Edit. 1897. Barcelona. Tomo XXII", sendo responsable da área de arte deste Dicionario, D. Pedro de Madrazo.

(8) INSTITUTO ITALIANO DI CULTURA. Disegni italiani del Museo Cerralbo di Madrid. Madrid, 1977.